

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE ENERGÍA, TURISMO E AXENDA DIXITAL

3548 Orde ETU/296/2017, do 31 de marzo, pola que se establecen os prazos máximos de resolución nos procedementos regulados na Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes.

Para os efectos de dar cumprimento ao artigo 59.3 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, e á disposición adicional segunda da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes, a presente orde ministerial serve para establecer os prazos máximos de resolución dos procedementos regulados na Lei de patentes. É oportuno recalcar que, de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei de patentes, os procedementos administrativos desa norma se rexen pola súa normativa específica e, no non previsto nela, polas disposicións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O establecemento de prazos máximos de resolución e a súa publicidade proporcionan unha necesaria seguridade xurídica para o cidadán. O logro da tramitación de procedementos en prazos adecuados intégrase na Estratexia para unha economía sustentable 2010-2020 e redundará nunha maior eficiencia do sistema. Esta medida segue a tendencia xeral no ámbito internacional de eliminar ou reducir prazos sen que por iso queden afectadas nin a seguridade xurídica nin a calidade dos títulos outorgados. Desta maneira, materialízase unha promoción efectiva da propiedade industrial que faga posible o cambio cara a un modelo económico baseado na produtividade e na innovación.

Cómpre salientar a importancia que ten o feito de evitar dilacións innecesarias dentro destes procedementos, xa que estas prexudican tanto os solicitantes como a sociedade. Aos solicitantes, e eventualmente titulares, por non poderen dispoñer ao seu debido tempo dos elementos xurídicos que permitan dar adecuada protección a unha invención, facendo así máis lenta a posta en marcha dos procesos de investimento e industriais para levalas a cabo. Á sociedade, na medida en que se atrasa a divulgación do coñecemento e a difusión da información tecnolóxica que achegan as invencións e, polo tanto, a demora na obtención de beneficios para a industria española.

Por outra banda, o procedemento de concesión con exame substantivo e o procedemento de oposición posconcesión previstos na nova Lei de patentes, requiren un traballo técnico complexo do cal depende a solidez dos títulos que se concedan. Esta circunstancia limita as posibilidades de redución da duración dos procedementos.

Por todo iso, en cumprimento do disposto na disposición adicional segunda da referida Lei de patentes, este ministerio, en uso das competencias que lle están atribuídas no artigo 4.1.b) e c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, logo de proposta da Oficina Española de Patentes e Marcas, acorda establecer os prazos máximos de resolución nos procedementos regulados na citada Lei 24/2015.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. Prazos máximos de resolución.

Os prazos máximos de resolución dos procedementos regulados na Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes, serán os seguintes:

a) Procedemento de concesión de patentes: o que resulte de engadir dezaioito meses desde que se publique o informe sobre o estado da técnica no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

b) Procedemento de oposición: o que resulte de engadir vinte meses desde que finalice o prazo para a presentación de oposicións a que se refire o artigo 43.1 da Lei de patentes.

c) Procedemento de concesión de certificados complementarios de protección para medicamentos, o das súas prórrogas e o dos certificados complementarios de protección para produtos fitosanitarios: o que resulte de engadir dez meses desde que se publique a solicitude correspondente no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» se non concorre ningún suspenso e de quince meses se concorre esta circunstancia.

d) Procedemento de revogación ou limitación: tres meses se non concorre ningún suspenso e seis meses se concorre esta circunstancia.

e) Procedemento de concesión de modelos de utilidade: se non se presentan oposicións, o que resulte de engadir tres meses desde que se publique a solicitude no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial»; en caso contrario, o que resulte de engadir doce meses desde que se publique a solicitude no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

f) Procedemento de inscrición de transmisións, licenzas e outras modificacións de dereitos: tres meses se non concorre ningún suspenso e seis meses se concorre esta circunstancia.

g) Procedemento de inscrición de ofrecementos de pleno dereito: dous meses se non concorre ningún suspenso e cinco meses se concorre esta circunstancia.

h) Procedemento de inscrición de licenzas obrigatorias e de pleno dereito: doce meses.

i) Restablecemento de dereitos: seis meses se non concorre ningún suspenso e oito meses se concorre esta circunstancia.

j) Recurso de alzada fronte a unha resolución desestimada por silencio negativo: doce meses.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o 1 de abril de 2017.

Madrid, 31 de marzo de 2017.–O ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, Álvaro Nadal Belda.